

MEMORIA DO OBRADOIRO LITERARIO EN BOIRO

Lugar: Acampamento da: Miro Villar

Data: 21 de xullo, venres.

Duración: tres horas.

En dúas sesións con grupos diferentes

1ª sesión: de 10,00 h. a 11,30 h.

2ª sesión: de 11,30 h. a 13,00 h.

A colaboración das monitoras e dos monitores foi espléndida, participando nas actividades e propostas, con especial interese en atender o labor desenvolvido por nenos e nenos con discapacidade.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS:

1) SON UN PERSONAXE

Obxectivos: Que...

Amplíen o seu vocabulario.

Modelen a súa expresión escrita.

Corrixa a ortografía.

Practiquen as técnicas de expresión escrita: narración, descrición..

Desenvolvan a creatividade e a imaxinación.

Contidos:

Coñecemento do vocabulario relacionado co acuario.

Dominen a colocación dos distintos signos de puntuación.

Coñezan as distintas técnicas de expresión escrita.

Desenvolvan actitudes de coidado na presentación dos traballos.

Descrición da actividade

O traballo realizarase de maneira individual. A actividade xorde pola necesidade de adquirir unha visión non antropomórfica do entorno e de entender como é a vida nos ecosistemas específicos (acuario). Desenvólvese a partir dunha visita ó acuario onde cada alumno/a elixe ser unha das especies que vive nel. Elixida a especie, cada alumno/a pode documentarse tanto das condicións xerais do acuario como das características da especie en concreto, para que dese modo repasen as técnicas para conseguir información. Por último antes de pórse a redactar, faise en gran grupo un repaso das distintas técnicas de expresión escrita que poden elixir, a partir de exemplos recollidos previamente polo docente.

Pódese plantexar que se vexan na obriga, dependendo do nivel que teñan, de ter que utilizar distintas técnicas na mesma redacción, ó mesmo tempo que se decide o tamaño mínimo da redacción a entregar. A redacción comezará por "Eu son o...". Escriben a redacción acompañada dunha ilustración de carácter libre, onde poden empregar calquera das técnicas plásticas explicadas na clase: colaxe, ceras...etc.

Acabada a actividade, a corrección faise de maneira individual, nun primeiro momento orientando ós alumnos/as segundo a van realizando, e tomando notas sobre as dificultades que cada un ten. Nun segundo momento e ó final, cada neno/a pode ler o

seu texto e comentar en gran grupo os erros e acertos de cara a mellorar o nivel de redacción. Se fora posible publicaríanse en formato revista, libro, caderno...

2) ESCRIBIR CO ALFABETO

O alfabeto é o sistema de signos gráficos usados na escrita. Consta de 25 letras, das que cinco son vocais. As letras do alfabeto conducen ás palabras, porque forman parte delas e crean novas palabras.

Con esta sinxela actividade podemos familiarizarnos coas letras como obxectos de xogo.

1. Xunto a cada letra do alfabeto escribimos tres palabras que comecen por esa letra.

Avión

Avestruz

Arco da vella

A

Balea

Bonito

Bisneto

B

Cereixa

Camiño

Carreta

2. Escollemos unha palabra de cada unha das letras: AVESTRUZ, BONITO, CAMIÑO....

3. Compoñemos un poema duns dez versos ou unha narración dunhas dez liñas que conteña as palabras escollidas:

*“Un día atopeime un bonito avestruz no camiño.
Estiraba o seu longo pescozo...”*

3. ANIMAIS FANTÁSTICOS

No mundo dos bestiarios descúbreanse as ilimitadas posibilidades dos animais como personaxes na creación literaria. Con eles poden escribirse historias fantásticas ou realistas simbólicas ou representativas.

Operación básica: Inventar e combinar.

Imaxinemos que nunha casa se agachan uns pequenos animais. É moi difícil velos porque se ocultan nos lugares máis insólitos. Poden facer os seus fogares dentro da funda da almofada, embaixo da pata da cama, nos burraquiños do desaugadoiro do lavabo... Como poderían ser?

Ao seren máxicos, poden aparecer e desaparecer cando lles peta. Estar ao axexo e á procura!

Imos confeccionar a súa ficha comezando polo nome, tamén imaxinario, e cos datos escribir a historia de cada bichiño seguindo estes pasos:

1. Extraer sílabas dunha bolsa e formar palabras de tres sílabas.
2. Cada palabra resultante do azar corresponde ao nome "máxico" dun animal encantado: ao saír da bolsa, os animais nacen.
3. Describir cada animal, segundo os seguintes datos: Lugar onde vive: (nunha bañeira, nunha gasoleira... Acenos máis comúns: (anda a saltos, ten un tic no nariz... Alimentos que prefire: (chícharos, carne picada, pelusas, gomas de riscar, macarróns).
4. Formar un bestiario con todos os animalíños.

Vexamos dous exemplos:

Elcebain

Elcebain está dotada dunha boca miudiña, coma un bico, que semella incrustada nunha cara de leitón, o seu corpo é duro coma o das tartarugas e ten unhas ás de paxaro que utiliza para se trasladar dun lugar a outro.

Vive dentro dos caixóns da roupa e gústalle revoar ao redor das lámpadas con luz.

Aliméntase das boliñas da roupa; as súas preferidas son as boliñas dos xerseis de la, son máis grandes e zumentas que as dos calcetíns.

Trífico

Trífico é un dos bichiños máis limpos e aseados que se poden atopar en toda a casa. A súa pel é branca coma unha ovella e suave como as sabas. É redondiño coma unha bóla de xogar ao ping-pong e ten uns olliños amarelos que non paran de moverse. As súas manciñas de lagartixa locen unhas uñas impecables que non para de coidar: lávaas, córtalas, límaas, e non para ata que delas xorde un brillo fulgurante.

Habita nos cuartos de baño. Come moi pouquiño. O que máis lle gusta son os restos de pasta dentífrica que quedan pegados no lavabo.

4. TERRITORIO DO POEMA

I. XOGO DO BAILE DE VERSOS

Propónse un tema xeral, por exemplo «o tempo», «o amor», «a soidade»... O tema debe ser o suficientemente amplo para que nas frases dos alumnos se atopen os máis variados rexistros. Cada un deles pensa unha frase, non demasiado longa, que xire en torno ao tema proposto e que escribe sen consultar o texto do seu compañeiro. Xúntanse as frases e vanse emparellando ou barallando segundo as relacións que, de seguro, aparecen entre elas. Ao final xorde o poema. Para este exercicio é aconsellable facer grupos de dez.

Exemplo: Eleximos o tema do tempo. Como é unha palabra polisémica, seleccionamos o significado de «tempo que pasa» ou de «tempo cronolóxico».

A miña man pasea ao longo do tempo.

O tempo é unha flor que se abre.

Cómo pasan as horas.

Fai tanto tempo que te amaba.

Algún día percorrерemos xuntos este mesmo camiño.

O tempo eres ti.

Mañá seremos máis vellos.

Sobre a cidade choven os días coma anxos.

Din que me estiveches agardando.

Os minutos son como copos de neve.

O poema resultante das combinación das diferentes frases pode ser o seguinte:
*O tempo é unha flor que se abre. / Algún día / percorreremos / o mesmo camiño. /
¡Cómo pasan as horas! / Sobre a cidade / choven os días / coma anxos. / Coma anxos, /
e o tempo eres ti. / Din que me estiveches agardando. / A miña man / pasea / ao longo /
do tempo. / Fai tanto tempo que te amaba... / Mañá seremos máis vellos. / E os minutos
/ choven / sobre a cidade / como copos / de / neve.*

SUXESTIÓNS:

1ª) O verso branco, a súa tradición e o seu valor dentro da literatura contemporánea.

2ª) O rendemento poético das distintas modalidades da oración: enunciación, admiración, interrogación. De aí a introducción dun verso exclamativo.

3ª) A importancia do silencio no poema. Velaí a utilización dos puntos suspensivos.

4ª) As posibilidades tipográficas á hora de transcribir o texto. O escalonamento de versos e a secuencia case-caligramática final que representaría a sucesión dos minutos. Para que a palabra que dá nome ao tema non se repita moito, o ideal é que cada alumno escriba unha frase sobre o tema, sen que apareza a palabra que dá nome a esa idea.

II. XOGO DA RULETA CHINA

Semellante ao anterior, só que en vez de xirar arredor dun tema, faise arredor dunha imaxe.

Facemos unha pregunta: «*Se fose, cal sería*»

O que se aprende é a arte da creación de metáforas, pois se establecen analoxías entre o mundo da realidade e o universo imaxinario. É apropiado para que xurdan asociacións imprevistas, sinestesias ou incluso imaxes oníricas, ás que non se lle pode dar unha explicación lóxica, pero que se senten coma verdadeiras.

Por exemplo, escollemos a noción «*nai*». Formulamos as seguintes preguntas:

- Se fose un elemento da natureza, ¿cal sería?

Respostas: o sol
un río
unha enorme montaña

- Se fose unha flor, ¿cal sería?

Respostas: unha rosa
un pensamento
unha azucena

- Se fose un vestido, ¿cal sería?

Respostas: unha capa
un abrigo
unha camisa

- Se fose unha cor, ¿cal sería?

Respostas: o branco
o vermello
o azul

Poema resultante: *Nai / es o sol / o río, a montaña. / Es unha camisa que me cobre, / un
abrigo, unha capa / onde crecen os pensamentos / e as azucenas. / A túa cor é azul. /
Nai, ti es, / a rosa / branca.*